

BASES REGULADORAS DA V EDICIÓN DO CERTAME POÉTICO ROSALÍA DE CASTRO

Primeira. Poderán optar ao premio todas as persoas de calquera nacionalidade que presenten obras inéditas en lingua galega non premiadas noutros concursos.

Segunda. O premio é único e indivisible e estará dotado coa cantidade de 1500 euros e un diploma acreditativo.

A obra premiada será publicada na colección de Poesía Rosalía de Castro do Concello de Padrón.

Terceira. O tema das obras será de libre elección así como a forma poética escollida. As obras terán unha extensión mínima de 400 versos. A presentación será feita en papel, con tipo de letra Arial tamaño 12.

Cada obra será presentada por quintuplicado, baixo o sistema de plica, polo que será enviada xunto cun sobre, en cuxo exterior conste: V Premio de Poesía Rosalía de Castro, o título da obra e o seu lema, así como o pseudónimo da persoa que sexa o autor ou autora da obra; no seu interior será incluída unha copia do documento de identidade, enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico, un breve currículo e unha declaración de que a obra é inédita e non foi premiada, ata a data de presentación, en ningún outro certame ou premio.

Cuarta. O prazo de presentación comezará o 2 de xaneiro e rematará o 15 de marzo de 2019.

Os traballos enviaranse ao Concello de Padrón, Rúa Longa nº 27, 15900 Padrón (A Coruña), indicando no sobre: V Premio de Poesía Rosalía de Castro.

Quinta. O xurado estará presidido polo alcalde ou alcaldesa do Concello de Padrón e formarán parte del o concelleiro ou concelleira delegado/a de cultura, e cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da poesía, literatura galega, comunicación e/ou eido cultural, que será nomeados por resolución do alcalde/sa do Concello de Padrón, actuando como secretaria a da corporación ou funcionario/a no/na que delegue.

Sexta.

Os participantes terán a obriga de comunicarlle ao Concello de Padrón a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento no que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do concurso.

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, sendo necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros.

As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

A decisión do xurado terá lugar antes do 17 de maio do ano 2019 e será dada a coñecer a través do taboleiro de anuncios e da páxina web do Concello.

O premio será entregado no mes de maio.

A data e hora exactas da entrega serán acordadas entre o Concello de Padrón, a través da concellería de cultura, e o premiado ou premiada, se ben deberá coincidir, de non ser o mesmo 17 de maio, nunha data próxima ao dito día.

Non se devolverán as obras presentadas e non premiadas, e a partir do día seguinte ao da decisión do xurado, serán destruídas.

Sétima.

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Oitava.

Padrón, novembro de 2018